

# **Instrucción I/2000 da Xerente da Universidade de Santiago de Compostela relativa ó calendario de festas, permisos e vacacións do persoal de administración e servicios**

Co fin de que todo o persoal de Administración e Servicios dependente da Universidade de Santiago de Compostela coñeza o calendario laboral e o réxime de permisos e vacacións correspondentes ó ano 2000, a xerente, unha vez informados os órganos de representación do persoal, en uso das competencias atribuídas pola resolución rectoral do 14 de febreiro de 1995, dispón:

1. De conformidade co establecido no Decreto 249/1999 do 3 de setembro (DOG do día 16), polo que se determina o calendario laboral para o ano 2000, as festas de carácter retribuído e non recuperables na Comunidade Autónoma de Galicia para este ano serán as seguintes:

<b>Data</b>	<b>Motivo</b>
1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Epifanía do Señor
20 de abril	Xoves Santo
21 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Santiago Apóstol
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Tódolos Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Natividade do Señor

2. Segundo dispón a resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais do 12 de novembro de 1999 (DOG do día 26), as festas de carácter local retribuídas e non recuperables para o ano 2000 son:

	<b>Data</b>	<b>Motivo</b>
<b>Santiago de Compostela</b>	1 de xuño	Ascensión do Señor
	16 de agosto	San Roque
<b>Lugo</b>	7 de marzo	Martes de entroido

	<b>Data</b>	<b>Motivo</b>
	5 de outubro	San Froilán

3) Nas datas que, a seguir, se relacionan pecharán tódolos servicios da Universidade, agás aqueles contratados en réxime de xornada especial:

<b>Data</b>	<b>Motivo</b>
28 de xaneiro	San Tomé de Aquino Día da apertura de curso
24 de decembro	Noiteboa
31 de decembro	Fin de Ano

4. Así mesmo serán festivos os días dos patróns dos Centros Universitarios aprobados pola Xunta de Goberno e o Consello Social no Calendario Escolar de cada Curso Académico.

5. Ó longo do ano poderán disfrutarse ata nove días de permiso por asuntos particulares, condicionándose a súa autorización a que os servicios queden debidamente atendidos. De acordo co artigo 37 h) do Convenio Colectivo os traballadores en xornada especial de fin de semana terán dereito a 4 días por asuntos propios.

Para efectos aclaratorios, a concesión deste permiso quedará sometida ó seguinte réxime:

- En ningún caso terán a consideración de vacaciones e, polo tanto, non poderán acumularse ás vacaciones anuais retribuídas.
- O persoal poderá distribuí-los ditos días a súa conveniencia, previa autorización dos decanos, directores de centros e xefes das distintas unidades administrativas, de acordo co dispuesto no punto 11 da resolución rectoral do 14 de febreiro de 1995.
- Aconséllase facer uso dos días ó longo do ano xa que, no período de Navidades, co obxecto de salvagarda-las necesidades do servicio, non se permitirá disfrutar más que de catro días laborais, salvo que a criterio do órgano competente para autorizalos, conveña máis unha acumulación ou fraccionamento distinto do sinalado.
- Cando por razóns de servicio non se faga uso da totalidade do mencionado permiso ó longo do ano, poderá concederse ata o límite máximo do día 15 de xaneiro de 2001.

6. A programación das vacaciones anuais farase tendo en conta o seguinte:

- Antes do 30 de abril de 1999, os decanos e directores dos centros, a través dos responsables de asuntos económicos, e os xefes das distintas unidades administrativas, enviarán a proposta ó xerente, responsabilizándose de que tódolos centros e servicios permanezan abertos, agás o que se estableza para as tardes do mes de agosto.

- As vacacións, que serán dun mes ou trinta días naturais, poderán disfrutarse, a solicitude do traballador, ó longo de todo o ano, en períodos mínimos de sete días naturais consecutivos. Cando se repartan en quincenas, os períodos serán: do 1 ó 15 se é a primeira quincena, do 16 ata o último día do mes que corresponda se é a segunda, ou do día 16 dun mes ó 15 do mes seguinte, se se collen continuadas. Todo iso sempre que os ditos períodos sexan compatibles coas necesidades do servicio.
- Tendo en conta a experiencia de anos anteriores, naqueles servicios que teñen unha relación máis directa co calendario académico aprobado, como son as bibliotecas e os centros, procurarase que se concentren no período comprendido entre a segunda quincena de xullo e finais de agosto co fin da garantir a prestación do servicio.
- O período vacacional dos traballadores/as contratados/as de duración determinada, será proporcional ó tempo traballado.

7. En relación cos anteriores puntos 5 e 6, o director da Área de Residencias, por mor das específicas peculiaridades que se dan no Servicio Universitario de Residencias de peches en determinadas épocas do ano, se responsabilizará de que o persoal alí destinado acople o disfrute das súas vacacións e dos días de asuntos propios, o máximo posible, ás circunstancias que se dean en cada un dos Centros.

8. Calquera modificación do aquí exposto non poderá ser feita de forma unilateral polos responsables dos Centros, Departamentos ou Servicios, sen a previa autorización da xerencia.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2000  
A Xerente  
Ana Fernández Pulpeiro